

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO
CPR. Plurilingüe A Ponte Pasaxe
15005853



1



INDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. BASE LEXISLATIVA
3. ANÁLISE DO CONTEXTO
 - 3.1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN
 - 3.2. CONTEXTUALIZACIÓN HISTÓRICA E IDENTIDADE DO CENTRO
 - 3.3 DESCRICIÓN DA CONTORNA
4. CARÁCTERÍSTICAS DO CENTRO
 - 4.1 ESPAZOS DO CENTRO
 - 4.2 UNIDADES
 - 4.3 PERSONAL DO CENTRO
 - 4.3.1 Persoal docente
 - 4.3.2 Persoal non docente
 - 4.4 ELEMENTOS ORGANIZATIVOS
 - 4.4.1 Órganos unipersoais
 - Equipo Directivo
 - 4.4.2 Órganos colexiados
 - Consello Escolar
 - Claustro)
 - 4.4.3 Órganos de coordinación docente
 - Equipos de ciclo
 - Titorías
 - Departamento de orientación
 - EDLG
 - Outros equipos do centro
 - 4.5 OFERTA EDUCATIVA



4.6 SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

4.7 RELACIÓN COAS FAMILIAS E INSTITUACIÓNS

5 NOTAS IDENTIFICATIVAS DO CENTRO

5.1 Confesionalidade

5.2 Liñas Metodolóxicas

5.3 Valores de transversalidade e educación socio-emocional

5.4 Coeducación

5.5 Atención á diversidade

5.6 Educación para a saúde

5.7 Educación medioambiental

5.8 Innovación e competencia dixital

5.9 Compromiso coa formación permanente do profesorado

5.10 Avaliación como ferramenta de mellora continua

3

6 PRINCIPIOS EDUCATIVOS

6.1 Principios metodolóxicos do centro

6.2 Adquisición de competencias

6.3 Tratamento de elementos transversais

6.4 Criterios xerais de avaliación e promoción

6.5 Fins educativos do centro

7 OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

7.1 Ámbito pedagógico

7.2 Ámbito de participación e de integración

7.3 Ámbito de organización e administración



8 DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

9 AVALIACIÓN, REVISIÓN, DIFUSIÓN



1.- INTRODUCCIÓN

A xestión eficaz dun centro educativo require dunha acción coherente, coordinada e solidaria por parte de todos os membros da comunidade educativa. Neste contexto, o **Proxecto Educativo do Centro (PEC)** configúrase como o instrumento fundamental que define a identidade, os principios pedagóxicos, os valores e os obxectivos compartidos que orientan a vida escolar, en consonancia coa normativa vixente.

De acordo co establecido na **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE)**, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de Educación, o PEC debe recoller os valores, obxectivos e prioridades de actuación do centro, así como a concreción dos currículos e a organización da atención á diversidade do alumnado (art. 121 da LOE, modificada pola LOMLOE). Esta normativa subliña a importancia dunha educación integral, equitativa e inclusiva, favorecendo o desenvolvemento persoal, social e académico de todo o alumnado.

Este documento é froito da reflexión conxunta e do consenso do equipo docente e dos órganos de goberno do centro. Define o estilo educativo que se aspira a consolidar, alicerzado en valores democráticos, de igualdade, respecto, responsabilidade e solidariedade. Así mesmo, determina os principios que deben rexer a intervención educativa e orienta a toma de decisións pedagóxicas e organizativas.

O PEC establece criterios comúns de actuación que contribúen á coherencia do proxecto institucional e dota de carácter e personalidade propia ao centro. Neste sentido, pretende dar resposta ás necesidades do alumnado e aos retos que a sociedade actual nos formula, a través dunha proposta educativa que promove a calidade, a inclusión e a equidade.

A formación integral do alumnado, entendida como o desenvolvemento harmónico das dimensións cognitiva, emocional, social e ética, constitúe un eixo vertebrador da nosa acción educativa. Para isto, resulta imprescindible a selección axeitada de obxectivos, contidos, metodoloxías e sistemas de avaliación, sempre tendo en conta a atención á diversidade como prioridade, en consonancia co establecido no artigo 1 da LOMLOE, que reconece a equidade como un dos principios fundamentais do sistema educativo.

Finalmente, concibimos este proxecto como un documento vivo, aberto á revisión e actualización continua, en función das necesidades cambiantes da comunidade educativa e das esixencias normativas ou sociais que poidan xurdir.



2.- BASE LEXISLATIVA

A normativa a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte:

a. Leis Marco

- Constitución Española. (B.O.E. 29/12/1978) Fundamentalmente, no artigo 27 e nos puntos que o desenvolven, figura recollido o dereito de todos á Educación, así como a Liberdade de Ensinanza.
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. (B.O.E. 28/04/1981).

b. Lexislación Básica

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (B.O.E. 04/05/2006)
- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del derecho a la Educación, tendo en conta a nova redacción dada aos artigos 4, 5.5, 6, 7, 8, 31 (apartados c, d, f e m) e do artigo 57, cos parágrafos ou letras, engadidos, segundo a LOE.
- Lei Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Persoal (BOE nº 298, del 14-12-99).
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género (BOE nº313, del 29-12-04).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización Lingüística (D.O.G.: 14/07/1983)
- Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado, por unanimidade, no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004.
- Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia (DOG 25/05/2010).
- Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino escolar (DOG 29/04/88) [Corrección de erros, DOG, 03/05; 24/05, e 15/06/88]

6



- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (D.O.G. 21/10/1996). [C.E. 08/01/1997].
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria e dos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (D.O.G. 02/09/1997).
- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Observatorio de convivencia escolar. Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.
- Dereitos e deberes do alumnado. Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa (BOE 30 de xullo de 2011).
- Seccións bilingües. Orde do 18 de abril de 2007 pola que se crea e regula a convocatoria do Plan de seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.
- Xornada Única e Mixta. Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados,



centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados.

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 27/04/1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. 31/07/1998).
- Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibiliza-la duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente. (B.O.E. 31/07/2003).
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE do 03/12/2003)
- Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/08/1997)
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.(DOG 30/01/03).

8

c. Implantación e Instrucións Organizativas

- Orde do 6 de maio de 1992 pola que se regula o procedemento para a implantación do Segundo Ciclo de Educación Infantil e se ditan instrucións en materia de organización escolar e avaliación para aqueles Centros nos que se imparte o devandito ciclo. (D.O.G. 21/05/1992).



- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26/02/2004)
- Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos Centros. (B.O.E. 02/06/1995).
- DECRETO 229/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia en los que se imparten las enseñanzas establecidas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (D.O.G. 28/11/1996).
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización. (D. O.G. 19/12/1996).
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 27/04/1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. 31/07/1998).

9



d. Currículo

- Real Decreto 1630/2006, de 29 de diciembre, por que se establecen las enseñanzas mínimas del segundo ciclo de Educación Infantil. (B.O.E. 04/01/2007)
- Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23/06/2009).
- Real Decreto 1513/2006, de 7 de decembro, por el que se establecen las enseñanzas mínimas de Educación Primaria. (B.O.E.08/12/2006)
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia(D.O.G. 09/07/2007)
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG 07/11/1995).

10

e. Avaliación

- Orde do 25 de Xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10/07/2009).
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 30/11/2007)
- Avaliación de diagnóstico. Orde do 6 de outubro de 2010 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 15/10/2010)
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 10/06/2016)



- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato. (DOG 11/03/2021)



3.- ANÁLISE DO CONTEXTO

3.1 DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Tipo de centro	Centro Privado - Concertado
Denominación Oficial	CPR. Plurilingüe A Ponte Pasaxe
Código do centro	15005853
Enderezo	Avda. Fonteculler 72 Fonteculler -15174, Culleredo
Dirección de Correo Electrónico	cpr.pontepasaxe@edu.xunta.es
Páxina Web	www.apontepasaxe.com

3.2 CONTEXTUALIZACIÓN HISTÓRICA IDENTIDADE DO CENTRO

Hai máis de cincuenta anos que comenzou esta aventura de crear unha escola en Fonteculler.

Despois da Guerra Civil, chegou a Galicia, procedente de Valencia, un matrimonio de tendencia claramente republicana que tentaba atopar tranquilidade, e tal vez anonimato, nun momento verdadeiramente difícil para os españois. Ela era mestra nacional e el fora oficial de exército republicano.

Despois de moitas dificultades abriron un pequeno colexio onde empezaron a ensinar a nenos e nenas da zona o cal foi medrando ao longo do tempo. Máis adiante viñeron os anos de oficializar os estudos que se cursaban, de conceder subvencións....E sempre seguiu presente a fama de bo colexio que tivo “El Puente”, nome co que era coñecido na zona.

Os anos pasaron e un día os fundadores do colexio xubiláronse (corría o ano 1987) deixando a titularidade a un grupo de mestras, traballadoras do centro que a manteñen ata o día de hoxe. Foi nese momento cando cambiou a súa denominación pola actual: “A Ponte Pasaxe”.

A totalidade das socias forman parte do profesorado.



3.3. DESCRICIÓN DA CONTORNA

O **CPR Plurilingüe A Ponte Pasaxe** está situado no **Concello de Culleredo**, pertencente á comarca da Coruña. A súa xeografía está marcada por dous elementos destacados: por unha banda, a **ría do Burgo**, na desembocadura do río Mero, espazo natural de gran valor ecolóxico e paisaxístico, ao que o centro recorre con frecuencia para actividades educativas e de contacto coa contorna; e por outra banda, a **serra meridional que delimita o municipio**, onde destacan o monte Castro e o monte Xalo, referentes naturais da zona.

Culleredo conta cunha poboación aproximada de **30.864 habitantes** e presenta un crecemento demográfico notable, especialmente nas parroquias máis próximas á cidade da Coruña, debido á súa condición de municipio periurbano. Esta **proximidade á cidade da Coruña** ten unha influencia directa no desenvolvemento urbanístico e social das parroquias limítrofes, entre as que destacan **Rutis**, con arredor de 9.500 habitantes, e **O Burgo**, con aproximadamente 7.000.

O noso centro sitúase concretamente na **estrada de Fonteculler**, a escasa distancia da Ponte Pasaxe e nas inmediacións dos núcleos de Perillo (Oleiros) e A Coruña. Esta situación xeográfica estratéxica confírelle ao centro **un carácter propio e un perfil educativo diverso**, ao acoller alumnado procedente maioritariamente do concello de Culleredo, mais tamén doutros municipios limítrofes, o que enriquece a convivencia e a diversidade do centro.

O concello de Culleredo, pola súa situación xeográfica e proximidade á cidade da Coruña, preséntase como un municipio de carácter maioritariamente residencial e con crecente densidade de poboación nas súas parroquias máis urbanizadas. Esta realidade configúrase como resultado da expansión da área metropolitana coruñesa, que favorece o asentamento de familias novas que buscan un equilibrio entre a proximidade aos centros de traballo urbanos e a calidade de vida nun entorno máis tranquilo e accesible.

A nivel socioeconómico, a poboación do entorno presenta un perfil heteroxéneo, con predominancia de familias pertencentes ás clases medias, moitas das cales teñen



vínculos laborais cos sectores de servizos, administración pública, educación, sanidade, comercio e tecnoloxía, fundamentalmente na cidade da Coruña. A estrutura familiar maioritaria é a de **núcleos familiares biparentais con fillos/as en idade escolar**, con alto grao de implicación na vida escolar e educativa dos seus fillos/as.

No eido educativo e cultural, obsérvase unha valoración positiva da formación académica, así como unha alta demanda de servizos educativos complementarios (actividades extraescolares, idiomas, tecnoloxía, deporte, etc.). Este contexto favorece a existencia dun alumnado motivado, con expectativas de progreso e boas condicións para a aprendizaxe.

Cómpre tamén sinalar que, malia este contexto xeralmente favorable, existen situacións puntuais de **desigualdade ou vulnerabilidade socioeconómica**, que fan necesario artellar medidas específicas de apoio e compensación educativa. O centro, neste sentido, mantén un firme compromiso coa atención á diversidade e coa equidade, promovendo actuacións adaptadas á realidade social de cada alumno/a.

14



4. CARÁCTERÍSTICAS DO CENTRO

O Centro Plurilingüe A Ponte Pasaxe, situado en Fonteculler (Rutis, Santa María), no termo municipal de Culleredo, conta cunha dilatada traxectoria de máis de medio século ao servizo da educación —concretamente, 56 anos de existencia—, o que o converte nun referente consolidado na súa contorna.

No curso escolar 2025-2026, o centro atende a un total de **193 alumnos e alumnas**, distribuídos en tres unidades de Educación Infantil e seis unidades de Educación Primaria. A maior parte do alumnado procede do propio concello de Culleredo, se ben tamén se incorporan estudantes de municipios próximos como Oleiros, A Coruña e Cambre, reforzando así a dimensión comarcal do centro.

4.1. ESPAZOS DO CENTRO

O edificio do colexio foi construído en varias fases. Partimos dunha edificación inicial, que data de primeiros dos anos setenta; na década dos 90 fíxose unha ampliación deste edificio, e posteriormente construíse unha edificación destinada á comedor, e a última e maior ampliación foi no ano 2017. Todas estas edificacións forman unha construción única, agás o comedor, de aproximadamente 200 metros cuadrados que é unha construción anexa. Todas elas atópanse nun bo estado de conservación.

O terreo onde está construído presenta unha forma regular e conta con doús accesos dende a rúa.

Está formado por dous bloques distribuídos en soto, planta baixa e dous andares nas que se atopan os seguintes espazos:

- ✓ Soto: Ximnasio e baño individual.
- ✓ Planta baixa: tres aulas de Educación infantil, dous baños cada un con dúas cabinas, almacén de material deportivo, despacho para titorías, comedor escolar cos seus propios baños, na parte exterior colindante a esta edificación atópase un horto escolar dividido en parcelas, que permite a cada grupo desenvolver traballos prácticos de xeito individualizado.

15



- ✓ Segundo andar: seis aulas de educación primaria, biblioteca e aula de novas tecnoloxías, baños de primeiro ciclo, sala de mestres, aula de polos creativos, baños de segundo e terceiro ciclo, despacho de dirección, aula PT, arquivo e un espazo de almacenaxe.

O patio exterior está organizado en catro zonas diferenciadas: unha área con árbores e canastra de baloncesto cunha pequena cancha, unha pista de fútbol dotada de dúas porterías, unha zona de xogos diversos, e un área de campo con areeiro. Ao redor deste patio, existe un peche cunha gran arboreda que facilita o desenvolvemento de múltiples xogos, actividades, favorecendo a creatividade, a observación, a formación e a imaxinación do alumnado. O patio interior tamén se divide en dúas zonas, onde existe unha cantidade de xogos e libros para o disfrute do alumnado.

4.2. UNIDADES

16

O centro conta cunha unidade por curso , contando cun total de 9 unidades; tres correspondentes á segunda etapa de Educación Infantil e seis de Educación Primaria.

4.3. PERSOAL DO CENTRO

4.3.1. Persoal docente:

Actualmente o noso centro conta cos seguintes especialistas que se organizan cada curso dependendo das necesidades do centro e do alumnado:

Especialistas en Educación Infantil: 9

Especialistas en Educación Primaria: 13

Especialistas en Lingua Estranxeira (Inglés): 7

Especialista en Educación Musical: 1

Especialista en Pedagogía Terapéutica: 1



Especialista en Audición e Linguaxe: 2

Especialista en Educación Física: 2

Profesorado con DECA: 4

Auxiliar de conversa: 1

4.3.2. Persoal non docente:


O plantel persoal non docente está composto por:

- 1 limpadora
- 1 coidadora -limpadora

4.4. ELEMENTOS ORGANIZATIVOS

17

4.4.1. Órganos unipersoais



- Equipo Directivo (director/a, xefa de estudos e secretaria/o)

Composto pola dirección, xefatura de estudos e secretaría. As competencias de cada cargo veñen determinadas por lei, aínda que o funcionamento debe ser o dun equipo que comparta responsabilidades.



Facer fincapé en que o equipo directivo debe fomentar a participación do profesorado e estar aberto a propostas que poidan xurdir no seo do claustro dos diferentes equipos docentes que se forman no centro.


Asemade, debe transmitir interese pola formación do profesorado, fomentando que o colexio non sexa so amente un lugar de aprendizaxe para o alumnado.

As súas principais funcións serían:

- **Planificación e organización:** Elaborar, coordinar e supervisar os documentos institucionais do centro (PEC, PGA, memoria anual), asegurando a coherencia coas normativas vixentes e as necesidades da comunidade educativa.
- **Xestión pedagóxica:** Impulsar a innovación educativa, promover a calidade do ensino e favorecer a coordinación entre os distintos equipos docentes.
- **Xestión administrativa e económica:** Administrar os recursos humanos, materiais e económicos do centro con criterios de eficiencia, transparencia e responsabilidade.
- **Coordinación e liderado:** Fomentar o traballo en equipo, facilitar a comunicación entre os diferentes sectores da comunidade educativa (profesorado, alumnado e familias) e exercer un liderado participativo.
- **Convivencia e clima escolar:** Promover un ambiente de respecto, inclusión e convivencia positiva, aplicando as normas establecidas e mediando nos conflitos que poidan xurdir.
- **Relación co contorno:** Establecer vínculos coas institucións e entidades da contorna, favorecendo a apertura do centro á sociedade.



4.4.2. Órganos Colexiados



○ Consello Escolar

É o órgano colexiado de máxima autoridade e participación do centro, presidido polo director/a do centro e integrado neste caso por 4 representantes do claustro, 3 representantes da empresa, 4 representantes das familias, e a secretaria (con voz pero sen voto).

As funcións deste órgano son:

- **Aprobación e avaliación:** Aprobar e avaliar o proxecto educativo (PE), o proxecto de xestión, e as normas de organización e funcionamento (anteriormente RI).
- **Programación Xeral Anual (PXA):** Aprobar e avaliar a Programación Xeral Anual do centro, garantindo a planificación docente.
- **Xestión económica:** Recibe información sobre o presuposto e a súa execución, e supervisa e aproba a xestión económica.
- **Selección de dirección:** Participar na selección e nomeamento da dirección do centro.
- **Admisión de alumnos:** Decidir sobre a admisión de alumnado, asegurando o cumprimento da normativa.
- **Convivencia:** Promover medidas de convivencia, igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos.
- Aprobar o programa de **actividades extraescolares** e **complementarias** do centro.
- **Informe e propostas:** Analizar o funcionamento xeral do centro, coñecer os resultados do proceso educactivo a través de probas oficiais (avaliación de diagnóstico)

19



- Calquera outra que regulamentariamente lle sexa atribuída.

- Claustro de profesores

O claustro de profesores, baixo a LOMLOE, é o máximo órgano de participación docente no goberno do centro. As súas funcións principais inclúen aprobar e avaliar os aspectos pedagóxicos (proxectos, programación xeral...), fixar criterios de avaliación, tutoría e orientación, elixir representantes ao Consello Escolar, promover a investigación educativa e analizar o rendemento escolar.

Funcións clave do claustro


- **Ámbito pedagóxico e curricular**
 - Aprobar e avaliar a concreción dos currículos e todos os aspectos educativos do Proxecto Educativo.
 - Fixar e coordinar os criterios referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos.
 - Aprobar a planificación das actividades do centro docente.
 - Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, o rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas.
- **Xestión e participación**
 - Elixir aos representantes do profesorado no Consello Escolar e participar na selección do director.
 - Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados.
 - Promover iniciativas no ámbito da investigación pedagóxica e a formación do profesorado.
- **Convivencia e outros**
 - Promover medidas de convivencia, inclusión, igualdade e benestar emocional.

20



- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente.

4.4.3 Órganos de Coordinación docente



21

○ Equipos de ciclo

De acordo co establecido na **Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE)**, no **Decreto 155/2022 de Galicia** e na normativa de organización dos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente o **Decreto 374/1996** e a **Orde do 22 de xullo de 1997**, os equipos de ciclo constitúen un dos órganos básicos de coordinación docente nos centros de Educación Infantil e Educación Primaria.

Os equipos de ciclo estarán integrados por todo o profesorado que imparta docencia nos cursos correspondentes ao ciclo, incluíndo, de ser o caso, o profesorado especialista que



interveña nestes niveis. Estes equipos teñen como finalidade coordinar a actividade docente e garantir a coherencia pedagóxica no desenvolvemento do currículo e das programacións didácticas.

Entre as súas funcións principais destacan:

- Coordinar a elaboración, desenvolvemento e avaliación das programacións didácticas do ciclo, de acordo coa concreción curricular do centro.
- Establecer criterios comúns de avaliación e seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Analizar os resultados académicos e propoñer medidas de mellora da práctica docente.
- Coordinar as actuacións relacionadas coa atención á diversidade e coa inclusión educativa.
- Promover o uso de metodoloxías activas e competencias acordadas co currículo vixente.
- Colaborar na organización de actividades complementarias e proxectos educativos do ciclo.

22

Cada equipo de ciclo contará cunha persoa coordinadora, designada pola dirección do centro, que se encargará de dinamizar o funcionamento do equipo, convocar e coordinar as reunións .

Os equipos de ciclo reuniranse, como mínimo, unha vez ao mes, levantándose acta das reunións realizadas, de acordo coa normativa de organización e funcionamento dos centros educativos de Galicia.

○ **Titorías**

A orientación e a acción tutorial do alumnado constitúen un elemento esencial da función docente, configurándose como unha peza clave no desenvolvemento do proceso educativo. Cada grupo de alumnos e alumnas contará cun profesor ou profesora tutor/a, que asumirá a responsabilidade de coordinar a intervención educativa do conxunto do profesorado que imparte docencia no grupo, así como



de guiar o alumnado cara á consecución dos obxectivos establecidos no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual.

No horario do profesorado tutor establecerase, como mínimo, unha hora semanal destinada á atención ás familias. Así mesmo, promoverase a realización, sempre que sexa posible, dunha reunión colectiva coas nais e pais ao inicio do curso académico, así como cantas entrevistas individuais se consideren necesarias ao longo do mesmo. De todas as reunións manterase o correspondente rexistro documental.

○ **Departamento de Orientación**

Dadas as características do centro, de liña única, e de conformidade co establecido no Decreto 229/2011, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, así como no Decreto 374/1996, o centro non constitúe un Departamento de Orientación propio.

Non obstante, garántese o desenvolvemento das funcións de orientación educativa e profesional a través do profesorado especialista. Neste sentido, a mestra de Pedagogía Terapéutica (PT) asume, ademais das súas funcións específicas de apoio ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tarefas propias da orientación, tales como a colaboración na detección e avaliación das necesidades do alumnado, o asesoramento ao profesorado e ás familias, así como a participación no deseño, desenvolvemento e seguimento das medidas de atención á diversidade, en consonancia co disposto na normativa vixente.

Así mesmo, o centro conta cunha especialista en Audición e Linguaxe (AL), que desenvolve funcións de prevención, detección e intervención nas dificultades relacionadas coa comunicación e a linguaxe, colaborando estreitamente co equipo docente e coas familias.

A coordinación destas actuacións levarase a cabo en colaboración co equipo docente e co equipo directivo, podendo contar, de ser o caso, co asesoramento dos servizos externos de orientación, conforme ao establecido na normativa autonómica. Deste xeito, garántese unha resposta educativa inclusiva e axustada ás necesidades do alumnado, en coherencia cos principios recollidos no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual.



○ **Equipo de dinamización da lingua galega**

A Lei de Dinamización Lingüística establece que o coñecemento do galego, como lingua propia de Galicia, constitúe ao tempo un dereito e un deber de toda a cidadanía. Neste marco, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega configúrase como un órgano fundamental para a promoción, normalización e impulso do uso do galego no centro educativo. A súa labor contribúe de maneira significativa ao desenvolvemento da competencia lingüística do alumnado e ao fortalecemento da identidade cultural propia, ao tempo que promove a adopción de medidas orientadas a consolidar o galego como lingua vehicular de uso xeneralizado en todas as situacións comunicativas. Así mesmo, fomenta o seu emprego mediante a organización de actividades que impliquen a totalidade dos membros da comunidade educativa.

Este equipo estará integrado por profesorado do centro, contando cunha persoa coordinadora, e funcionará de maneira colaborativa co resto dos equipos e órganos de coordinación docente.

Manterá, cando menos, unha reunión ao inicio do curso escolar e outra ao seu remate, sen prexuízo doutras que se consideren necesarias. A persoa encargada da coordinación será responsable de levantar acta de cada sesión. Corresponderalle igualmente a este equipo a elaboración do proxecto de actividades a desenvolver ao longo do curso, que se integrará na Programación Xeral Anual (PXA) do centro, así como a redacción da memoria final de curso.

24

As súas funcións principais serían:

- Elaborar, coordinar e avaliar o Plan de Dinamización Lingüística do centro, en coherencia co Proxecto Educativo.
- Fomentar o uso do galego en todos os ámbitos da vida escolar: actividades lectivas, complementarias e extraescolares.
- Diseñar e impulsar actividades que favorezan a valoración positiva da lingua galega (campañas, celebracións, obradoiros, concursos, etc.).
- Asesorar ao profesorado na incorporación do galego como lingua vehicular e na elaboración de materiais didácticos.
- Promover a participación da comunidade educativa (familias, alumnado e persoal non docente) en iniciativas de dinamización lingüística.



- Colaborar con outras institucións e organismos na promoción da lingua e cultura galegas.
- Impulsar proxectos interdisciplinares que integren o uso do galego de maneira significativa e funcional.
- Avaliar periodicamente o grao de uso e presenza da lingua galega no centro, propondo medidas de mellora.

○ **Outros equipos do centro**

Outros equipos no centro para realizar as actividades e manter activa a labor docente son os seguintes:

- ✓ Equipo TIC e equipo de Polos creativos.

O Equipo TIC do centro constitúe un órgano fundamental para a integración efectiva das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) na práctica educativa e na xestión organizativa. A súa finalidade principal é promover o uso pedagóxico, innovador e responsable dos recursos dixitais, contribuíndo á mellora da calidade educativa e ao desenvolvemento da competencia dixital de toda a comunidade escolar; e é o responsable de impulsar a integración das TIC na práctica educativa e na organización do centro, promovendo un uso pedagóxico, innovador e responsable dos recursos dixitais.

Este equipo estará formado por profesorado con coñecementos e/ou interese no ámbito das TIC, sendo coordinado por unha persoa responsable que actuará como referente tecnolóxico do centro e enlace co equipo directivo e coa administración educativa.

De maneira complementaria, o centro conta cun **Equipo de Polos Creativos**, estreitamente vinculado ao Equipo TIC, co que comparte obxectivos e liñas de actuación. Este equipo ten como finalidade impulsar a creatividade, a innovación e o pensamento computacional a través do uso de tecnoloxías emerxentes, espazos maker e metodoloxías activas.

Ambos equipos traballan de forma coordinada, favorecendo a integración das TIC e dos recursos dos Polos Creativos no currículo, así como o desenvolvemento de proxectos interdisciplinares que fomenten a aprendizaxe significativa do alumnado.



Funcións do Equipo TIC

Entre as súas funcións principais destacan:

- Elaborar, desenvolver e avaliar o Plan Dixital de Centro, en coherencia co Proxecto Educativo.
- Asesorar ao profesorado no uso didáctico das ferramentas dixitais, fomentando metodoloxías activas e innovadoras.
- Promover accións formativas relacionadas coa competencia dixital docente.
- Xestionar e coordinar o uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro.
- Detectar necesidades tecnolóxicas e propoñer melloras en infraestruturas e equipamento.
- Colaborar na resolución de incidencias técnicas básicas e canalizar aquelas de maior complexidade aos servizos correspondentes.
- Fomentar o uso seguro, responsable e crítico das TIC entre o alumnado.
- Impulsar proxectos de innovación educativa vinculados ás tecnoloxías dixitais.
- Facilitar a comunicación dixital entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Velar polo cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos e uso das tecnoloxías.

26

Funcións do Equipo de Polos Creativos

O Equipo de Polos Creativos desenvolve, entre outras, as seguintes funcións:

- Dinamizar o uso dos espazos e recursos do Polo Creativo do centro (impresión 3D, robótica, programación, creación audiovisual, etc.).
- Promover o desenvolvemento do pensamento computacional e das competencias STEAM no alumnado.
- Diseñar e impulsar proxectos interdisciplinares baseados na experimentación, a investigación e a resolución de problemas.
- Apoiar ao profesorado na integración de actividades maker e creativas nas programacións didácticas.
- Favorecer metodoloxías activas como a aprendizaxe baseada en proxectos, a aprendizaxe-servizo ou o traballo cooperativo.



- Coordinar actividades, obradoiros e iniciativas que fomenten a creatividade e a innovación educativa.
- Colaborar co Equipo TIC na integración das ferramentas dixitais e tecnoloxías emerxentes no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Difundir as boas prácticas e experiencias desenvolvidas no ámbito dos Polos Creativos.

En conxunto, o Equipo TIC e o Equipo de Polos Creativos contribúen á transformación dixital e metodolóxica do centro, promovendo unha educación adaptada aos retos da sociedade actual e orientada ao desenvolvemento integral do alumnado.

✓ Equipo de Convivencia e igualdade. Observatorio de benestar do alumnado.

O **Equipo de Convivencia** é o encargado de promover un clima escolar positivo baseado no respecto, a inclusión e a resolución pacífica dos conflitos. Está formado por profesorado do centro e traballa en coordinación co equipo directivo e o resto da comunidade educativa.

27

Entre as súas funcións destacan a elaboración e seguimento do Plan de Convivencia, a prevención de conflitos, a promoción de accións educativas relacionadas cos valores democráticos e a mediación en situacións que afecten á convivencia escolar.

Pola súa parte, o **Equipo de Igualdade** ten como finalidade promover a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, así como previr calquera tipo de discriminación. Este equipo impulsa accións de sensibilización, coeducación e prevención da violencia de xénero, integrando a perspectiva de igualdade na vida do centro.

Ambos equipos traballan de maneira coordinada, desenvolvendo iniciativas conxuntas que favorezan o respecto á diversidade, a inclusión e o benestar de toda a comunidade educativa.



Coordinación de Convivencia, Igualdade e Programa KANJO

A persoa coordinadora de convivencia e igualdade é a responsable de impulsar, coordinar e facer o seguimento das actuacións relacionadas coa convivencia escolar, a igualdade entre mulleres e homes e o benestar emocional do alumnado. Entre as súas funcións destacan a coordinación do Equipo de Convivencia e Igualdade, a elaboración e avaliación das medidas recollidas no Plan de Convivencia, a promoción de actuacións de prevención do acoso escolar, a mediación na resolución pacífica dos conflitos e a coordinación de programas de educación emocional e benestar.

Así mesmo, actúa como enlace entre o centro educativo, os servizos de orientación, as familias e outras institucións, promovendo a participación de toda a comunidade educativa na creación dun clima escolar seguro, inclusivo e respectuoso.

Neste marco intégrase o programa **KANJO**, unha iniciativa centrada na educación emocional e no desenvolvemento das competencias socioemocionais do alumnado. A través de actividades adaptadas ás diferentes etapas educativas, KANJO favorece o coñecemento e a xestión das emocións, a empatía, a comunicación asertiva, a resolución positiva dos conflitos e o fortalecemento das relacións interpersoais.

28

A implantación deste programa contribúe á mellora da convivencia, á prevención de situacións de violencia ou acoso e á creación dunha cultura de benestar emocional que repercute positivamente na aprendizaxe e no desenvolvemento integral do alumnado. A coordinación do programa recae na persoa coordinadora de convivencia e igualdade, en colaboración ca dirección e a orientadora do centro.



✓ Equipo para a atención á diversidade e autismo

O Equipo de Atención á Diversidade ten como finalidade garantir unha resposta educativa inclusiva e axustada ás necesidades de todo o alumnado, promovendo a igualdade de oportunidades, a participación e a non discriminación.

Está formado por profesorado do centro, especialmente especialistas en apoio educativo, e traballa en coordinación co equipo directivo, o departamento de orientación e o resto do profesorado.

Entre as súas funcións destacan a identificación e análise das necesidades específicas de apoio educativo, a proposta e seguimento de medidas de atención á diversidade, o asesoramento ao profesorado na adopción de estratexias inclusivas e a colaboración coas familias e cos servizos externos.

No relativo á atención do alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA), o equipo promove actuacións específicas orientadas a facilitar a súa inclusión e participación plena na vida do centro. Para iso, foméntase a creación de contornas estruturadas e previsibles, a utilización de apoios visuais e sistemas alternativos ou aumentativos de comunicación cando sexa preciso, a adaptación das metodoloxías e dos espazos, así como a anticipación de rutinas e cambios que favorezan o benestar emocional e a autonomía do alumnado.

Do mesmo xeito, o equipo impulsa accións de sensibilización dirixidas á comunidade educativa para promover o coñecemento da neurodiversidade, favorecer a comprensión das características propias do alumnado con TEA e consolidar unha cultura escolar baseada no respecto, na aceptación das diferenzas e na inclusión.

Así mesmo, favorece a coordinación entre o profesorado, o departamento de orientación, as familias e os servizos especializados, garantindo unha resposta educativa coherente e personalizada que contribúa ao desenvolvemento integral do alumnado e á súa participación efectiva en todas as actividades do centro.



✓ Equipo para a promoción da lectura, escritura e acceso á información e Plan lingüístico

O **Equipo de Promoción da Lectura e Escritura** ten como finalidade fomentar o hábito lector e mellorar a competencia comunicativa do alumnado en todas as áreas.

Está formado por profesorado do centro e traballa de maneira coordinada coa biblioteca escolar e co resto do profesorado.

Entre as súas funcións destacan a elaboración, desenvolvemento e seguimento do **Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA)**, a dinamización de actividades relacionadas coa lectura e a escritura, a promoción do uso da biblioteca escolar e o asesoramento ao profesorado na integración de prácticas lectoras e de escritura nas distintas áreas.

O Equipo do Plan Lingüístico

O Equipo do Plan Lingüístico é o responsable de coordinar, impulsar e facer o seguimento das actuacións relacionadas co uso e a aprendizaxe das linguas no centro, en coherencia coa normativa vixente.

Está formado por profesorado do centro e traballa en coordinación co equipo directivo e cos distintos equipos docentes.

Entre as súas funcións destacan a elaboración e avaliación do Plan Lingüístico de Centro, a promoción do uso da lingua galega, o fomento do plurilingüismo e o asesoramento ao profesorado en aspectos relacionados coa competencia comunicativa e lingüística.

✓ Equipo plurilingüismo e bilingüismo

O Equipo de Bilingüismo e Plurilingüismo é o órgano encargado de promover e coordinar as actuacións relacionadas co ensino e a aprendizaxe das linguas no centro, favorecendo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado en galego, castelán e linguas estranxeiras, así como a apertura a unha educación intercultural e plurilingüe.



Funcións principais

- Elaborar, coordinar e avaliar o Plan de Bilingüismo e Plurilingüismo do centro.
- Impulsar metodoloxías que favorezan a aprendizaxe integrada de linguas e contidos.
- Asesorar ao profesorado en recursos, estratexias e materiais para o ensino plurilingüe.
- Promover actividades complementarias e proxectos relacionados coas linguas e coa interculturalidade.
- Coordinar a participación do centro en programas institucionais de bilingüismo e plurilingüismo.
- Favorecer o uso funcional e equilibrado das distintas linguas presentes no centro.
- Impulsar intercambios, colaboracións e experiencias que melloren a competencia lingüística e cultural do alumnado.
- Realizar o seguimento e a avaliación das actuacións desenvolvidas, propoñendo medidas de mellora.

Composición e coordinación

31

Este equipo está integrado por profesorado das diferentes etapas educativas e áreas lingüísticas, e traballa en coordinación co equipo directivo, o departamento de orientación e o resto do claustro, co obxectivo de garantir unha resposta educativa coherente, inclusiva e de calidade no ámbito lingüístico.

✓ Equipo de actividade física e hábitos saudables.

O **Equipo de Actividade Física e Hábitos Saudables** é o órgano encargado de promover, coordinar e impulsar actuacións orientadas á adquisición de estilos de vida saudables por parte de toda a comunidade educativa. A súa finalidade é fomentar a práctica regular da actividade física, a alimentación equilibrada, o benestar físico, emocional e social, así como a prevención de hábitos prexudiciais para a saúde, contribuíndo ao desenvolvemento integral do alumnado.



Funcións

Entre as súas funcións destacan:

- Elaborar, coordinar e avaliar as actuacións relacionadas coa promoción da saúde e dos hábitos de vida saudables no centro.
- Fomentar a práctica regular da actividade física, tanto no ámbito curricular como nas actividades complementarias e extraescolares.
- Promover iniciativas que favorezan unha alimentación saudable, unha correcta hixiene, o descanso adecuado e o benestar emocional do alumnado.
- Coordinar a participación do centro en programas institucionais relacionados coa promoción da saúde, a actividade física e os hábitos saudables.
- Impulsar campañas de sensibilización e actividades de educación para a saúde dirixidas ao alumnado, ás familias e ao profesorado.
- Asesorar ao profesorado na integración de hábitos saudables nas programacións didácticas e na vida diaria do centro.
- Colaborar co departamento de orientación, co equipo de convivencia, co servizo de comedor e con outras entidades ou institucións na organización de actividades de promoción da saúde.
- Realizar o seguimento e a avaliación das actuacións desenvolvidas, proponendo medidas de mellora que favorezan a consolidación dunha cultura de saúde e benestar no centro.

O equipo está integrado por profesorado de diferentes etapas e especialidades, preferentemente con representación da área de Educación Física, e desenvolve o seu labor en coordinación co equipo directivo e co resto dos equipos de dinamización do centro, favorecendo unha actuación transversal que integre a educación para a saúde en todos os ámbitos da vida escolar.



4.5. OFERTA EDUCATIVA

En definitiva, a avaliación no centro é un proceso integral e participativo que busca a transformación e optimización constante da nosa práctica educativa. A través dunha análise crítica e construtiva, fomentamos un modelo de ensino baseado na mellora continua, asegurando que a nosa comunidade escolar avance con solidez cara a unha educación de maior calidade, máis inclusiva, innovadora e acorde coas necesidades do noso alumnado e da sociedade actual.



6. PRINCIPIOS EDUCATIVOS.

6.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS DO CENTRO

A metodoloxía empregada nas dúas etapas educativas CPR Plurilingüe A Ponte Pasaxe basearase nos seguintes principios, fundamentais para garantir o éxito e a mellora continua do proceso de aprendizaxe baseados na LOMLOE e no Decreto 150/2022 e no Decreto 155/2022:

- **Aprendizaxe integradora**, que abarca e desenvolve todos os aspectos que conforman a personalidade do noso alumnado, favorecendo a súa formación integral e global, nos eidos cognitivo, emocional, social e físico.
- **Aprendizaxe competencial, autónoma, significativa e reflexiva**, en todas as áreas, que fomente o espírito crítico e a capacidade de xulgar e cuestionar a realidade do alumnado, fortalecendo a súa autonomía e implicación no proceso educativo.
- **Educación de calidade e inclusiva**, que poña fin a calquera forma de discriminación, asegurando que todos os estudantes, sen excepción, reciban unha formación que respecta a súa diversidade e circunstancias persoais.
- **Educación personalizada**, que respecte e se adapte ao ritmo madurativo e de aprendizaxe de cada alumno, promovendo un acompañamento constante no seu proceso de evolución. **Educación motivadora e que promova o esforzo individual**, incentivando a curiosidade, a autoesixencia e o desexo de mellora continua no alumnado.
- **Educación promotora da socialización, da comunicación e do traballo colaborativo**, mediante a implementación de estratexias como aprendizaxe cooperativo entre iguais e o fomento do traballo en equipo, co obxectivo de mellorar a interacción e a cooperación entre os estudantes.
- **Educación orientada ao desenvolvemento de hábitos e técnicas de traballo eficaces**, que permita ao alumnado adquirir ferramentas para a súa organización e xestión do tempo de forma autónoma e produtiva.
- **Educación que fomente o coñecemento e uso responsable das TIC**, promovendo o seu emprego na vida diaria dun xeito adecuado, seguro e crítico, favorecendo o acceso ao coñecemento e a comunicación.



- **Educación respectuosa coa pluralidade lingüística e cultural**, como un elemento que enriquece e fortalece a sociedade, educando no respecto ás diferenzas e na integración de distintas culturas e linguas.
- **Educación baseada nos principios democráticos de convivencia**, que promove a resolución pacífica dos conflitos e fomenta un ambiente de respecto mutuo entre toda a comunidade educativa.
- **Formación para a paz, a cooperación e a cohesión social**, que fomente o respecto polos seres vivos, a defensa do medio ambiente e o coidado dos animais, como valores fundamentais para a convivencia humana e a sostenibilidade do planeta.
- **Autonomía docente**, permitindo ao profesorado adaptar e personalizar a súa práctica educativa para mellorar a resposta ás necesidades e demandas de cada alumno.
- **Colaboración activa coas familias**, recoñecendo o papel fundamental que teñen os pais, nais e titores legais na educación dos seus fillos, e promovendo unha relación estreita que favoreza o éxito educativo dos estudantes.
- **Avaliación persoal e individualizada**, que terá en conta as características persoais de cada alumno/a e as súas necesidades educativas específicas, implementando medidas de atención á diversidade que garantan que todos os estudantes poidan acceder aos contidos e conseguir os obxectivos establecidos, como o aumento de tempo ou a diversificación dos instrumentos de avaliación.
- **Avaliación continua** respecto ao proceso de aprendizaxe do alumnado, garantindo un seguimento constante do seu desenvolvemento.
- **Avaliación sistemática**, que se centrará no proceso de ensino-aprendizaxe, adaptándose ás circunstancias e necesidades de cada grupo e situación.
- **Avaliación axustada aos obxectivos do proxecto curricular do centro**, respectando os criterios de avaliación e os requisitos establecidos para a promoción do alumnado.



- **Avaliación diversificada**, que utilizará unha ampla gama de instrumentos e medios de expresión para avaliar a aprendizaxe do alumnado de maneira completa e equitativa.
- **Criterios de avaliación claros e transparentes**, como base fundamental para valorar tanto a adquisición das competencias básicas como a consecución dos obxectivos, garantindo a coherencia entre a avaliación e os resultados esperados.
- **Apertura a procedementos de avaliación e reflexión sobre a práctica docente**, que permitirán avaliar a eficacia das estratexias empregadas, identificar posibles melloras e establecer propostas de mellora para optimizar os procesos de aprendizaxe no futuro.

Este enfoque integral e flexible, que abarca todos os aspectos da educación desde unha perspectiva crítica, reflexiva e colaborativa, garantirá que o alumnado acade os coñecementos e competencias propias de cada etapa, consolidándose como un referente de calidade educativa e inclusiva.

57

6.2. ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS

O proceso de ensino-aprendizaxe baseado en competencias debe caracterizarse por ser transversal, interdisciplinario e dinámico, coa finalidade de abordar de maneira integral o desenvolvemento dos estudantes. Para garantir unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, é esencial a adopción de estratexias pedagóxicas axeitadas. Estas deben enfocarse en deseñar tarefas motivadoras para o alumnado, que parten de situacións-problema reais e se adaptan aos ritmos e estilos de aprendizaxe individuais. Así, promoverase a capacidade de aprender de forma autónoma e fomentaranse prácticas de traballo en equipo, facendo uso de métodos diversos, recursos e materiais didácticos que enriquezan o proceso educativo.

A consecución dos obxectivos que se espera que o alumnado logre ao finalizar a etapa educativa en cada competencia son os seguintes:



- Competencia en comunicación lingüística (CCL):
 - ✓ Comprender e interpretar textos orais, escritos e multimodais adecuados á idade, identificando a información principal e desenvolvendo unha actitude crítica e reflexiva.
 - ✓ Expresarse oralmente e por escrito con claridade, coherencia e corrección, adaptando a mensaxe ao contexto, ao destinatario e á finalidade comunicativa.
 - ✓ Participar de forma activa, respectuosa e construtiva en interaccións comunicativas, escoitando aos demais, argumentando as propias ideas e favorecendo o diálogo como ferramenta de convivencia e aprendizaxe.

- Competencia plurilingüe (CP):
 - ✓ Valorar e empregar as diferentes linguas do contorno como medio de comunicación, aprendizaxe e enriquecemento cultural, mostrando actitudes de respecto cara á diversidade lingüística.
 - ✓ Utilizar estratexias sinxelas para comprender e producir mensaxes orais e escritas en distintas linguas, adaptándoas á situación comunicativa e ás necesidades da tarefa.
 - ✓ Establecer relacións entre o galego, o castelán e outras linguas coñecidas para facilitar a comprensión, ampliar o vocabulario e mellorar a comunicación.

- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM):
 - ✓ Potenciar as competencias matemáticas básicas e a iniciación na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos a situacións da súa vida cotiá aplicando o razoamento matemático.
 - ✓ A competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en cómo aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanas.



- Competencia dixital (CD):
 - ✓ Elaborar propostas para que os nenos e nenas se inicien na utilización, para as aprendizaxes, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
 - ✓ Intentar que o alumnado utilice estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, transformar e comunicar información.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA):
 - ✓ Intentar desenvolver nas nenas e nenos hábitos de traballo individual e en equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade nas aprendizaxes.
 - ✓ Potenciar a utilización de estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.
- Competencia cidadá (CC):
 - ✓ Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respecto aos dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
 - ✓ Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e na relación co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
 - ✓ Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e de oportunidades de homes e mulleres e a non discriminacións de persoas por ningunha causa.
 - ✓ Coñecer, valorar e gozar do seu contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación dese contorno.



- ✓ Que os alumnos e alumnas adquiran habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- ✓ Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e prevención dos accidentes de tráfico.
- Competencia emprendedora (CE):
 - ✓ Desenvolver as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC):
 - ✓ Potenciar á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.
 - ✓ Potenciar a utilización de diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolver a sensibilidade artística e a capacidade de gozar

60

6.3. TRATAMENTO DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

De acordo ao Decreto 150/2022 e ao Decreto 155/2022 e ás ordes que os desenvolven cabe destacar que os valores transversais deben estar integrados en todas as programacións didácticas, é dicir, integrárase nelas un enfoque transversal que aborde diferentes dimensións do desenvolvemento integral do alumnado. Este enfoque non se limitará a unha única área do coñecemento, senón que abarcará aspectos claves que permitan aos estudantes adquirir competencias e valores fundamentais para a súa formación académica, persoal e cidadá. A continuación, presentamos as consideracións fundamentais que guiarán a elaboración destas programacións:

- Traballarase en todas as disciplinas a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a formación en valores democráticos e cidadanía activa. educación cívica e constitucional.
- Promoverase a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a autoconfianza e o sentido crítico.



- Fomentarase a equidade e inclusión educativa, garantindo a igualdade de oportunidades e a non discriminación das persoas con discapacidade, a través de medidas de flexibilización, adaptacións curriculares e accesibilidade universal.
- Impulsarase a igualdade de xénero e a prevención da violencia de xénero, así como a defensa dos valores de igualdade, non discriminación e respecto.
- Promoverase a resolución pacífica de conflitos e os valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo, paz, democracia e respecto polos dereitos humanos, rexeitando calquera forma de violencia, racismo ou discriminación. Evitaranse estereotipos sexistas e discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero.
- Fomentaranse valores de empatía, compañeirismo, solidariedade, esforzo, responsabilidade e tolerancia.
- Incluíranse contidos relacionados co desenvolvemento sostible, o medio ambiente, a protección fronte a abusos e explotacións, a prevención de riscos derivados das TIC, e a seguridade en urxencias, catástrofes e normas de tráfico nas áreas correspondentes.
- Promoverase o usos seguro e responsable das TIC en coherencia con plan dixital do centro.

61

6.4. CRITERIOS XERASI DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

A avaliación no segundo ciclo da Educación Infantil será global, continua e formativa, entendida como unha práctica sistemática orientada a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. A valoración farase en función dos criterios de avaliación establecidos no Decreto 150/2022, sendo a observación directa e sistemática a técnica principal, complementada por outras fontes como entrevistas ou análise de producións do alumnado. Establécense sesións de avaliación (inicial, tres parciais e unha final), recollidas en actas, coas valoracións “sen dificultade (SD)”, “en proceso (EP)” ou “con dificultade (CD)”. Emitiranse informes finais de curso e de etapa para facilitar a continuidade educativa e a coordinación co profesorado de primaria.



A promoción nesta etapa non é selectiva nin condicionada por resultados académicos, polo que todos os alumnos avanzan automaticamente, en coherencia co carácter non obrigatorio e non certificable da etapa. A avaliación busca detectar necesidades, mellorar a resposta educativa e favorecer a adquisición de aprendizaxes básicas. O dereito a unha avaliación obxectiva está garantido mediante a publicación das programacións e o dereito das familias a solicitar aclaracións ou reclamacións. A información ás familias farase efectiva mediante informes periódicos en cada avaliación parcial, promovendo unha participación activa e coordinada co profesorado.

En canto a educación primaria destacar que a Orde do 26 de maio de 2023, establece os principios e procedementos da avaliación en dita etapa, definindo un modelo baseado na continuidade, na globalidade e na finalidade formativa da avaliación. O profesorado emprega diversos instrumentos e técnicas que permiten recoller información obxectiva e sistemática sobre o progreso do alumnado en todas as áreas e competencias clave, prestando especial atención á detección temperá de dificultades de aprendizaxe e á resposta educativa axeitada a cada situación.

A orde determina que, en todos os cursos da etapa as cualificacións serán expresadas de forma numérica do un ao dez, acompañadas de informes cualitativos que completen a información sobre o rendemento do alumnado. Esta avaliación será comunicada ás familias mediante informes trimestrais, así como a través de informes individualizados ao final de cada ciclo. O proceso avaliativo debe estar orientado á mellora continua e á toma de decisións pedagóxicas fundamentadas, constituíndo unha ferramenta esencial para garantir unha educación inclusiva e de calidade.

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa primaria, e como resultado do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, determinará a promoción do alumnado. Esta decisión será tomada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción establecidos e, de forma especial, a información e os xuízos do profesor/a titor/a. A promoción nos demais cursos da etapa será automática. Sempre que se prevea unha posible non promoción dun alumno/a, as familias serán debidamente informadas. Desta reunión, quedará constancia escrita,

É esencial que, para garantir a equidade no proceso, todo o profesorado do centro utilice os mesmos criterios á hora de tomar decisións relacionadas coa promoción ou non do alumnado. A permanencia no mesmo curso, cando se considere necesaria, será unha

62



medida excepcional, que poderá adoptarse unicamente unha vez ao longo da etapa educativa, sempre tras consultar á familia.

A decisión de repetición tomarase despois de esgotar todas as medidas ordinarias de reforzo e apoio educativo e que se poidan aplicar para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Os criterios para a repetición terán en conta:

1. Para que un alumno/a non promociione, e, polo tanto, permaneza un ano máis no curso, será necesario que o equipo educativo que traballa con el/ela así o recomende, primando sempre o criterio do/a titor/a.
2. Non se contemplará a repetición dun alumno/a se non se implementaron medidas previas no seu caso. Ademais, será necesario informar ás familias con antelación sobre a posibilidade de que esta medida sexa adoptada, deixando constancia escrita desta comunicación.

De maneira xeral, evitarase que a decisión de promoción se basee exclusivamente no número ou tipo de materias. O equipo docente analizará cada caso de maneira individual, tendo en conta:

- As posibilidades de recuperación e o beneficio que supoñería para o alumno/a. Os informes do equipo docente. A capacidade do alumnado para continuar as ensinanzas do nivel seguinte con aproveitamento. As expectativas favorables de recuperación e se a súa promoción ou non promoción contribúe á súa evolución académica. O interese e esforzo manifestado polo alumno/a.
- As circunstancias do alumno/a tales como situacións de saúde, socioeconómicas, familiares, psicolóxicas ou que condicionen o rendemento académico.
- O nivel de integración no grupo ao que se promociona.
- A oferta e aproveitamento das medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade.

A repetición ten como fin atender as dificultades que levaron a tomar esta decisión, e superar as carencias detectadas. Se o equipo docente determina que as materias non



superadas impiden que o alumno/a siga con éxito o curso seguinte, este permanecerá un ano máis no mesmo curso e deberá seguir un plan específico de reforzo, elaborado polo equipo docente e coordinado polo profesorado tutor. Este plan de reforzo será desenvolvido ao longo de todo o curso.

Ademais, cando as circunstancias persoais dun alumno/a con necesidades educativas especiais o requiran poderá prorrogar un curso adicional a súa escolarización, sempre que se considere necesario para a consecución dos obxectivos do ensino básico. Neste caso, non se poderá prolongar a escolarización máis aló do curso escolar no que o alumno/a cumpra quince anos. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou temporais. Está medida excepcional aplícase exclusivamente ao alumnado con necesidades educativas espaciais ou alumnado de necesidades específicas de apoio educativo, ademais require dun informe do departamento de orientación.

6.5. FINS EDUCATIVOS DO CENTRO

Os fins educativos do centro constitúen a expresión dos principios, valores e obxectivos que orientan a nosa acción educativa. A través deles, procuramos garantir unha formación integral do alumnado, que favoreza o desenvolvemento das competencias clave, a autonomía persoal, a convivencia democrática e o respecto á diversidade, promovendo unha educación equitativa, inclusiva e de calidade para todo o alumnado, polo tanto no CPR Plurilingüe A Ponte Pasaxe destacamos os seguintes:

- Pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado, fomentando a súa autonomía e o seu crecemento integral, como se recolle na LOMLE.
- A educación no respecto polos dereitos e liberdades fundamentais, promovendo a igualdade de dereitos e oportunidades e a non discriminación das persoas con discapacidade, segundo a convención da ONU sobre dereitos das persoas con discapacidade.
- A educación na práctica da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica e equitativa.

64



- A educación na responsabilidade individual, fomentando o recoñecemento do mérito e do esforzo persoal como valores fundamentais para o progreso académico e social.
- O desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, fomentando a confianza nas súas aptitudes e coñecementos, ao tempo que se potencia a creatividade e a iniciativa persoal.
- A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural, así como da interculturalidade, entendida como un elemento enriquecedor que contribúe á cohesión social.
- A adquisición de hábitos intelectuais e de traballo así como a promoción de hábitos saudables, do exercicio físico e da práctica deportiva, incluída a saúde mental e emocional como elementos fundamentais do benestar integral do alumno/a.
- A capacitación para a comunicación fluída nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira, como competencias imprescindibles no mundo globalizado.
- A preparación para o exercicio da cidadanía de maneira crítica e responsable no marco da educación para a cidadanía global e os obxectivos de desenvolvemento sostible.



7. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

Os obxectivos do noso centro educativo son a guía fundamental que orienta o proceso de ensino-aprendizaxe e o desenvolvemento integral do alumnado. Estes obxectivos, adaptados ás necesidades e características do noso contexto, teñen como finalidade promover a formación académica, persoal e cidadá dos estudantes, favorecendo a adquisición das competencias necesarias para a súa integración plena na sociedade. Para facilitar a súa comprensión e aplicación, os obxectivos están divididos en distintos ámbitos, permitindo unha atención específica a cada área do coñecemento e desenvolvemento, sen perder a visión global e integral do proceso educativo. Deste xeito, garantimos que cada aspecto do proceso de aprendizaxe se aborde de maneira coherente e interrelacionada, co fin de promover unha educación de calidade, inclusiva e equitativa. Esta formulación responde aos principios establecidos na LOMLOE, que orienta o sistema educativo cara a unha aprendizaxe competencial, equitativa e centrada no alumnado. En educación infantil, os obxectivos e finalidades do centro están aliñados co disposto no Decreto 150/2022, garantindo un enfoque global, emocional e respectuoso cos ritmos evolutivos dos nenos e nenas. No caso da educación primaria, a acción educativa estrutúrase segundo o marco definido no Decreto 155/2022, que recolle os obxectivos xerais da etapa, as competencias clave e os principios metodolóxicos e organizativos que deben presidir a práctica docente nesta fase.

A continuación, presentamos os obxectivos do centro, estruturados en ámbitos, que reflicten as metas e prioridades que guiarán a acción educativa ao longo da etapa.

7.1. ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Formar persoas competentes capaces de afrontar e resolver situacións diarias en contextos diversos, promovendo a súa adaptación ao entorno. Impulsar o desenvolvemento integral do alumnado, compensando as súas carencias e potenciando as súas fortalezas nas dimensións cognitivas, sociais, emocionais e físicas. Fomentar a adquisición dunha autonomía que lles permita desenvolverse de maneira eficaz na súa vida cotiá.
 - Mellorar a competencia lectora e comunicativa, promovendo a lectura, a expresión oral e escrita, e o manexo de diferentes códigos que melloren a capacidade crítica e comunicativa.

66



- Integrar o hábito da lectura no día a día do alumnado, utilizando a biblioteca como ferramenta clave na formación escolar.
- Promover a alfabetización mediática e informacional (AMI) no alumnado como parte competencia dixital e en concordancia co plan dixital do centro
- Facilitar a adquisición de hábitos de estudo, técnicas de traballo e procura de información, para fomentar o desenvolvemento do coñecemento.
- Adaptar as estratexias de ensino ás necesidades educativas do alumnado con especial atención ao alumnado NEE e NEAE.
- Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural, garantindo o domino equilibrado das linguas oficiais do estado e a competencia nunha lingua estranxeira.
- Acadar a competencia lingüística, tanto oral como escrita, nas linguas galega e castelá, fomentando tamén a competencia no inglés.
- Incorporar as TIC no proceso educativo como ferramenta de aprendizaxe, investigación e xestión, adaptando a metodoloxía ao contexto dixital actual.
- Promover as TRIC, para que o alumnado desenvolva a capacidade de interpretar, xerar e comunicar contidos de maneira crítica e colaborativa no ámbito dixital.
- Fomentar a filosofía maker, potenciando a creatividade, a curiosidade e a iniciativa no alumnado a través da exploración de ferramentas e materiais que favorezan a construción do coñecemento.
- Impulsar a cultura científica, favorecendo a curiosidade e actitudes positivas cara á ciencia e ás disciplinas STEM, especialmente entre as nenas, para promover vocacións en áreas científicas e tecnolóxicas.
- Crear un ambiente acolledor e equilibrado no centro, que fomente a convivencia positiva e a relación harmónica entre todos os membros da comunidade educativa.



- Transmitir valores fundamentais de convivencia, dereitos humanos e normas sociais, asegurando a súa aplicación no contexto escolar.
- Traballar en estratexias para a prevención e resolución pacífica de conflitos, potenciando o traballo en equipo e o diálogo.
- Desenvolver unha metodoloxía activa e participativa, baseada nos intereses e necesidades do alumnado, para garantir a súa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Favorecer e facilitar a alfabetización múltiple como competencial esencial para a vida, mediante metodoloxías activas, como a aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), e o uso dos espazos e recursos creativos da biblioteca-leolab, biblioteca híbrida que integra recursos e cultura impresa e dixital.

7.2. ÁMBITO DA PARTICIPACIÓN E DA INTEGRACIÓN

A participación activa e a integración plena constitúen piares esenciais da vida escolar e do desenvolvemento educativo do alumnado, en consonancia cos principios de inclusión, equidade e cohesión social que presiden o sistema educativo segundo a LOMLOE. O centro promove a implicación de toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias e persoal non docente, como elemento clave para favorecer a convivencia democrática, a corresponsabilidade e o sentido de pertenza.

Este enfoque intégrase nos marcos curriculares vixentes en Galicia para as etapas de infantil e primaria, recollidos respectivamente no Decreto 150/2022, e no Decreto 155/2022, ambos documentos subliñan a importancia de fomentar a participación do alumnado na vida do centro, de respectar a diversidade como valor educativo e de garantir unha atención educativa que promova a integración social e escolar de todos os nenos e nenas, con especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio. Neste sentido, a acción do centro artéllase como un espazo de colaboración activa e integración real, favorecendo o desenvolvemento dunha cidadanía crítica, solidaria e comprometida. A continuación, preséntanse os obxectivos e principios que, desde o noso centro, consideramos prioritarios no ámbito da participación e da integración, como expresión do noso compromiso cunha escola aberta, inclusiva, colaborativa e atenta ás realidades e necesidades do seu contexto:



- Manter o CPR Plurilingüe A Ponte Pasaxe como unha institución aberta e en constante interacción coa súa contorna, promovendo e difundindo actividades culturais colectivas que favorezan a cooperación e a integración de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Fomentar os mecanismos e procesos de participación activa e democrática de cada membro da comunidade educativa a través dos órganos de goberno e de coordinación docente (Consello Escolar, Claustro e ANPA) co obxectivo de ofrecer unha educación de calidade e garantir a igualdade de oportunidades para todo o alumnado independentemente da súa orixe, sexo, situación económica, identidade e ou necesidades educativas.
- Establecer relacións de colaboración e coordinación co IES Blanco Amor, e outras institucións da contorna, co fin de fortalecer a continuidade educativa e mellorar os recursos e posibilidades para o alumnado garantido unha coordinación vertical entre etapas e facilitando o tránsito educativo.
- Potenciar a participación das familias, favorecendo a súa participación no Consello Escolar e en diferentes iniciativas do centro, mellorando a calidade e fluidez das comunicacións, e promovendo a elaboración de programas de asesoramento que orienten ás familias para apoiar a formación integral dos seus fillos e fillas.
- Impulsar a eliminación de calquera forma de discriminación por razón de xénero, promovendo a educación das nenas e nenos en valores que lles permitan desenvolver plenamente as súas capacidades e integrarse sen limitacións baseadas no sexo.

69

7.3. ÁMBITO DE ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN

A organización e administración dun centro educativo constitúe a base estrutural que permite garantir a eficacia, a equidade e a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe. A súa planificación debe responder aos principios de coordinación, funcionalidade e autonomía pedagóxica, segundo o disposto na LOMLOE e na normativa autonómica vixente para as etapas de infantil e primaria, recollida no Decreto 150/2022, e no Decreto 155/2022. Estes textos establecen a importancia de artellar estruturas organizativas



flexibles e coherentes coas necesidades do alumnado e co contexto educativo, promovendo o traballo colaborativo e a participación democrática. A continuación, presentamos os criterios e estruturas organizativas e administrativas que orientan o funcionamento do noso centro neste ámbito:

- Dinamizar a vida do centro a través do traballo colaborativo e a coordinación efectiva entre os profesionais do equipo docente e órganos de coordinación docente, garantindo unha acción educativa coherente e unificada.
- Coordinar de maneira fluída o paso da etapa Infantil á etapa de primaria, asegurando unha transición axeitada e adaptada ás necesidades do alumnado.
- Facilitar a transición do alumnado de primaria á secundaria mediante encontros intercentros e coordinación docente promovendo a continuidade no seu proceso formativo e o seu benestar educativo.
- Coidar as transicións interciclos a través da avaliación continua, de informes individualizados e coordinación docente proporcionando así o apoio e seguimento para un desenvolvemento harmonioso do alumnado ao longo de todas as etapas.
- Fomentar e impulsar proxectos de formación e innovación pedagóxica, así como todas aquelas actividades que se consideren necesarias para a actualización continua do profesorado tanto no ámbito profesional como no educativo participando en programas da consellería como: Biblios escolares, polos creativos, formación permanente do profesorado...

70



8. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

O Proxecto Educativo é un documento esencial que orienta a identidade e a organización dun centro, mais a súa verdadeira funcionalidade concrétase a través dos distintos plans e proxectos que o integran. Estes instrumentos, elaborados conforme á realidade e necesidades do centro, constitúen a resposta educativa concreta aos principios de inclusión, equidade e calidade recollidos na lexislación vixente. Así, o valor do Proxecto Educativo reside na súa capacidade de artellar e dar coherencia a estes plans e proxectos, que organizan de forma operativa a acción pedagóxica do centro. A continuación, descríbense os principais documentos que conforman esta estrutura:

- **NOF –Normas de Organización e Funcionamento**, que regula a convivencia, os dereitos e deberes da comunidade educativa, os procedementos internos e a xestión da vida escolar como se regula na LOMLE, na Lei 4/2011, no Decreto 8/2015.
- **Plan de Convivencia**, que articula medidas de prevención de conflitos e fomento da convivencia positiva, segundo o Decreto 229/2011, o Decreto 8/2015 e na Lei 4/2011.
- **PXA – Programación Xeral Anual**, onde se recollen as actuacións previstas para o curso académico, incluíndo obxectivos, actividades, distribución de recursos e organización de tempos, como se recolle no Decreto 374/1996.
- **Plan de Acción Titorial**, que coordina a función titorial, a atención ao alumnado e a relación coas familias como se establece no Decreto 229/2011, no Decreto 374/1996 e a orde do 22 de xullo do 1997.
- **Programacións docentes**: son documentos de planificación didáctica elaborados polo profesorado de cada área ou etapa que organizan os obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e medidas de atención á diversidade para cada curso. Están reguladas pola lexislación vixente: a LOMLOE, os Decretos 150/2022 e 155/2022, ademais a súa elaboración e concreción recóllese na Orde do 27 de decembro de 2022 e serán deseñadas na aplicación PROENS.



- **Plan Xeral de Atención á Diversidade**, que recolle as medidas organizativas, metodolóxicas e de apoio para garantir a equidade e a inclusión educativa Decreto 229/2011 e na orde do 8 de setembro do 2021
- **Plan de Igualdade**, é un documento integrado que ten como obxectivo garantir a igualdade real entre mulleres e homes, promovendo a coeducación, a prevención da discriminación e o respecto pola diversidade. Susténtase na LOMLOE, na Lei 3/2007 para a igualdade efectiva, no Decreto Lexislativo 2/2015 sobre igualdade en Galicia e no Decreto 8/2015, que desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación, todos eles marcos legais que obrigan á incorporación da perspectiva de xénero no ámbito educativo
- **Plan Dixital de Centro**, para a integración das tecnoloxías da información e comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe e na xestión administrativa como se recolle na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional do 3 de setembro de 2021, que establece as instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicable desde o curso 2021-2022 en diante.
- **Plan de Lectura** . Forma parte do proxecto educativo e funcional de centro. Dito plan ten como finalidade a promoción e fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. A concreción do PL realizarase cada curso escolar no Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información (PLEA) que se integra na Programación Xeral Anual.
- **Proxecto lingüístico** é un documento estratéxico que define a planificación e o impulso do uso das diferentes linguas no marco educativo, promovendo o galego como lingua vehicular e integrándoo de forma equilibrada con outras, como o castelán e estranxeiras, no currículo e na vida diaria do centro. Este proxecto baséase na LOMLOE que reforza a competencia en comunicación lingüística e a consideración do plurilingüismo como eixo central, e na normativa autonómica galega: o Decreto 79/2010, así como o Decreto 150/2022 e o Decreto 155/2022, que ordenan os currículos e consolidan a lectura, a oralidade e o plural uso lingüístico como pilar no desenvolvemento competencial do alumnado.



- **Plan de Formación do Profesorado** é o conxunto de accións formativas que responden ás necesidades do centro e do seu claustro, orientadas á mellora da práctica docente, á innovación e á atención á diversidade.
- **Plan de actividades físicas e hábitos saudables** ten como obxectivo fomentar a práctica regular de actividade física, a alimentación equilibrada, o benestar emocional e estilos de vida saudables entre o alumnado, tanto dentro como fóra do horario escolar. Susténtase na LOMLOE , que promove a educación para a saúde e o desenvolvemento integral do alumnado, así como nos currículos galegos vixentes: o Decreto 150/2022 e o Decreto 155/2022, que integran os hábitos saudables como parte esencial das competencias clave e dos principios pedagóxicos destas etapas.
- **Plan de acollida:** é un programa que facilita a integración do alumnado, profesorado e demais membros da comunidade educativa que se incorporan ao centro, favorecendo unha adaptación progresiva e positiva ao novo contorno escolar.
- **Plan de autoprotección:** é o documento que establece a organización, os procedementos de prevención e as actuacións ante situacións de emerxencia, co obxectivo de garantir a seguridade do alumnado, profesorado e demais persoal. Recolle o disposto no Decreto 171/2010 da Xunta de Galicia, que regula a autoprotección nos centros dependentes da administración autonómica.

Todos estes documentos están coordinados, actualizados e avaliados periodicamente, conforme á normativa vixente, e estar dispoñibles para a comunidade educativa no portal web do centro ou a través dos canles oficiais.



9. AVALIACIÓN, REVISIÓN E DIFUSIÓN

O PE como instrumento clave que regula a identidade pedagóxica, organizativa e institucional do CPR. Pl. A Ponte Pasaxe, debe estar suxeito a un proceso sistemático e riguroso de avaliación, revisión e mellora, que garanta a súa pertinencia, actualidade e coherencia coas necesidades reais da comunidade educativa. A súa natureza como documento vivo obriga á súa actualización periódica, incorporando achegas, propostas e cambios derivados da reflexión pedagóxica, dos resultados da práctica educativa e do cumprimento dos plans e programas que o integran. Este proceso realízase sempre en consonancia coa normativa vixente, concretamente co disposto na LOMLOE.

8.1. AVALIACIÓN DO PROXECTO

A avaliación do PE insírese nunha cultura institucional de mellora continua e de rendición pública de contas. Realizarase anualmente polo Claustro do profesorado, e será validada polo Consello Escolar. A finalidade desta avaliación é identificar o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos, a eficacia dos plans e programas desenvolvidos, os resultados da aprendizaxe do alumnado, o nivel de participación das familias e a adecuación do PE ao marco normativo e ao contexto sociocultural do centro. Esta análise basearase en fontes como a Memoria final de curso, informes dos órganos docentes e as achegas recollidas da comunidade educativa.

8.2. REVISIÓN E MODIFICACIÓN.

A revisión do Proxecto Educativo realizarase de forma anual, coincidindo co peche do curso académico, e tamén sempre que se produzan modificacións relevantes na normativa ou nas condicións organizativas do centro. As modificacións substanciais deberán ser propostas polo Claustro, contar co informe favorable do Consello Escolar e recollerse na Programación Xeral Anual. Este procedemento responde ao establecido no Decreto 374/1996 e na Orde do 22 de xullo do 1997, garantindo a participación e o consenso de todos os sectores implicados. Así mesmo, propónse a realización dunha revisión máis profunda e colaborativa cada catro anos, co obxectivo de renovar a visión estratéxica do centro á luz dos cambios educativos e sociais.



8.3. DIFUSIÓN DO PROXECTO

A transparencia e o acceso á información son principios fundamentais na xestión educativa. Por iso, o PE estará dispoñible para toda a comunidade escolar, tanto na páxina web oficial do centro como en formato impreso. A súa difusión reforzarase a través de reunións coas familias, circulares informativas, a plataforma espazoAbalar e outras canles internas. Todo isto dá cumprimento ao artigo 20 da Lei 4/2011, que garante o dereito á información e á participación da comunidade educativa.

8.4. PROPOSTAS DE MELLORA

As propostas de mellora do PE deben xurdir da avaliación crítica da práctica educativa e da análise reflexiva dos documentos e indicadores do centro. Estas serán elaboradas a partir da Memoria final de curso, das achegas dos equipos de ciclo, tutorías, a PT, órganos de coordinación docente, así como das propostas da ANPA e das familias. As devanditas propostas alimentarán a actualización anual do PE e dos seus plans asociados, consolidando unha dinámica de mellora continua, innovación e adaptación á realidade cambiante do centro. Esta orientación reforza os principios de calidade e excelencia educativa establecidos pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.



Este documento foi rematado en

Culleredo, 8 de xullo de 2026

A secretaria

Dna. Carmen Selas González

A xefa de estudos

Dna. M^a Carmen Vázquez Ramos

A directora

Dna. M^a Lorena Rodríguez Pérez

76



DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO:

DATA DE APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR:

DATA DE REMISIÓN Á INSPECCIÓN:

